



CONVOCATORIA DAS PROBAS DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA B1 CONVOCATORIA SETEMBRO - CURSO ACADÉMICO 2010/2011

O Consello de Goberno na súa sesión de 4 de xullo de 2008 aprobou a normativa que rexe o recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e das liñas xerais da USC para a elaboración das novas titulacións. Neste mesmo documento establececese o sistema de acreditación de coñecementos de lingua estranxeira para a obtención do título do Grao na USC. Por outra banda, a normativa que regula o Máster de Profesorado de Secundaria establece que os alumnos deberán acreditar o nivel B1 dunha lingua estranxeira.

Rematada primeira convocatoria, estimase conveniente facer convocar unas novas probas de competencia lingüística nivel B1 que realizará o Centro de Linguas Modernas, consonte as seguintes normas:

PRIMEIRO.- QUEN PODE PRESENTARSE

1.1.- Estas probas están abertas aos alumnos preinscritos en Máster en Formación de Profesorado de ESO e Bachelarelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas na USC e o resto de alumnos da USC dos últimos cursos. Dado que existen prazas limitadas, no caso que a demanda sexa maior que a oferta as prazas adxudicaranse consonte ao seguinte orde de preferencia:

1º.- alumnos preinscritos no Master en Formación de Profesorado de ESO e Bachelarelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas ofertado pola USC.

2º.- alumnos de Grao e estudos de 1º e 2º ciclo da USC matriculados no curso 2010-2011, ordenándose as solicitudes en función do maior número de créditos acadados.

1.2.- Os efectos da acreditación do nivel B1 de idioma na USC, están eximidos da realización destas probas os alumnos e alumnas que acrediten ter o nivel B1 de acordo co establecido no Marco Común Europeo de Referencia. Isto pódese concretar en cursos e certificacións que se recollen no anexo a esta convocatoria.

SEGUNDO.- MATRÍCULA E PRAZAS

2.1.- A matrícula, que se realizará en internet a través da secretaría virtual, permanecerá aberta desde o **15 de xullo ata 9 de setembro de 2011**. No momento de matricularse, o alumno deberá indicar ademais dos seus datos persoais, titulación e curso, a lingua estranxeira (inglés, francés, alemán, italiano, portugués, checo, ruso, danés) da que se quere examinar e o campus da súa preferencia para a realización da proba (Santiago ou Lugo).

No campus de Lugo só será posible realizar as probas de inglés, francés e alemán.

2.2.- Soamente poderán realizar a proba aqueles alumnos que se haxan matriculado en forma e prazo.

2.3.- Aquelas persoas que requiran algún tipo de atención especial para facer estas probas por algún tipo de impedimento físico ou doutra natureza deberán facelo constar no momento da matrícula, achegando o correspondente certificado médico.

2.4.- O número total de prazas para a realización destas probas nos 2 campus será limitado de acordo co seguinte: inglés (250), francés (70), alemán (70), italiano (40), portugués (40), checo (20), ruso (20) e danés (10).

TERCEIRO.- CALENDARIO DAS PROBAS

As probas terán lugar consonte o calendario anexo nos períodos seguintes: **14 de setembro de 2011 (probas escritas)**, e **21 - 22 de setembro de 2011 (probas orais)**, se ben as horas e lugares concretos de celebración destas probas anunciaranse unha vez rematado o prazo de matrícula e feita a selección dos alumnos admitidos ás probas e se teña unha estimación concreta dos alumnos matriculados para cada lingua estranxeira.

CUARTO.- CUALIFICACIÓNS

4.1.- A cualificación outorgada será de **APTO / NON APTO**.

4.2.- A proba escrita será eliminatória de xeito que soamente aqueles alumnos que obtiveran unha cualificación satisfactoria nela poderán realizar o exame oral.

QUINTO.- CERTIFICACIÓNS

A superación das probas figurará nos expedientes académicos dos alumnos da USC. Asemade, os alumnos que o desexen poderán solicitar a expedición dun certificado acreditativo da superación das probas.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2011.

 **O REITOR,**

Juan J. Casares Long

**CALENDARIO DA CONVOCATORIA DAS
PROBAS DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA B1
CONVOCATORIA SETEMBRO - CURSO ACADÉMICO 2010/2011**

- 15 de xullo – 9 de setembro 2011: Período de matrícula.
- 13 setembro.- Publicación de admitidos e excluídos e dos lugares de celebración das probas.
- 14 de setembro 2011: Probas escritas (14:00h).
- 16 de setembro 2011: Publicación cualificacións probas escritas e dos lugares de revisión das probas.
- 19 de setembro 2011: Revisión de probas escritas. (10:00h-12.00h).
- 20 de setembro: Publicación definitiva de cualificacións das probas escritas e dos lugares de celebración das probas orais.
- 21 e 22 de setembro 2011: Probas orais (10.00h).
- 26 de setembro de 2011: Publicación cualificacións finais.
- 27 de 2011: Revisión das probas (10.00h-12.00h).
- 28 de setembro de 2011: Publicación de resultados definitivos.

TITULOS QUE ACREDITAN O NIVEL B1

Quedarán eximidos da realización destas probas os alumnos e alumnas que acrediten ter o nivel B1, de acordo co establecido no Marco Común Europeo de Referencia. Isto pódese concretar en cursos e certificacións como segue:

Inglés

MCER	Título
B1	CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): nivel 5 (B1.2) ou superior EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Intermedio Diploma PET (Preliminary English Test) Diploma FCE (First Certificate in English) Diploma CAE (Certificate in Advanced English) Diploma CEP (Certificate of English Proficiency) TOEFL PBT: 457 puntos ou superior TOEFL CBT: 137 puntos ou superior IBT TOEFL: 57 puntos ou superior TOEIC: 550 puntos ou superior TRINITY: ISE I ou superior

Francés

MCER	Título
B1	CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): nivel 5 (B1.2) ou superior EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Intermedio Diploma DELF B1 (Diplôme d'Études en Langue Française) Diploma DELF B2 (Diplôme d'Études en Langue Française) Diploma DALF C1 (Diplôme Approfondi de Langue Française) Diploma DALF C2 (Diplôme Approfondi de Langue Française)

Alemán

MCER	Título
B1	CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): nivel 5 (B1.2) ou superior EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Intermedio Diploma ZD (Zertifikat Deutsch) Diploma Goethe-Zertifikat B2 Diploma Goethe-Zertifikat C1 (=antiguo ZMP Zentrale Mittelstufenprüfung) Diploma ZOP (Zentrale Oberstufenprüfung) Diploma KDS (Kleines Deutsches Sprachdiplom).

Italiano

MCER	Título
B1	CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): nivel 2 (B1.2) ou superior EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Intermedio Diploma CELI 2 (Certificato dice Conoscenza della Lengua Italiana Livello 2) e superiores Diploma CILS 1 e superiores

Portugués

MCER	Título
B1	CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): nivel 2 (B1.2) ou superior EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Intermedio DEPLE (Diploma Elemental de Português Língua Estrangeira) DIPLE (Diploma Intermédio de Português Língua Estrangeira) DAPLE (Diploma Avançado de Português Língua Estrangeira) DUPLE (Diploma Universitário de Português Língua Estrangeira)

JP